




Recolla de xogos populares


1º, 2º e 3º ciclos


Xogos tradicionais Plan proxecta


Id	1	Nome do Xogo
		ARO ou CHINCHA
		Número de participantes
		ilimitado
Espacio de xogo		
Calquera terreo no que poda rodar un aro		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Un zuncho dun caldeiro de zinc ou calquera outro aro metálico e un ferro das cociñas antigas ou calquera outra variña de metal. <input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Hai que facer rodar o aro guiándoo co ferro por un percorrido previamente establecido. Gaña quen primeiro chegue á meta sen que lle caia. A quen lle caera o aro tiña que comezar de novo.		
Debuxo		
		


Id	2	Nome do Xogo
		BOLOS
		Número de participantes
		3 contra 3 ou 1 contra 1
Espacio de xogo		
Faise unha raia a 40 metros de distancia.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Máis de 3 bolos (entre 3 e 9). <input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cando un bolo pasa a raia gañas 18 tantos. Despois xógase 1 para 1. Bótase a sortes quen tira primeiro e despois o contrincante marca a distancia dende onde ten que tirar. O xogo remata ao alcanzar entre 60 e 66 tantos.		
Debuxo		
		


Id	3	Nome do Xogo
		O BOTE ou O BOTE ESTÁ NA MALLA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Nun espazo amplo con moitas posibilidades de agocharse. En calquera sitio menos na casa.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un bote vello ou lata.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un dos xogadores dálle unha patada ao bote. Quen panda sae correndo a collelo mentres os demais xogadores se esconden. Entón o que panda sae a buscalos e a cada un que atopa debe ir correndo ata o bote e dicir: bote, bote, por (seguido do nome do descuberto). Este tratará de patear o bote antes de que chegue o que a queda. Se non o consegue está eliminado e así todos os demais ata que un dos agochados consegue patear o bote e salva a todos os eliminados que correrán a agocharse e volta a comezar o xogo.</p>		
Debuxo		
		


Id	4	Nome do Xogo
		BRILÉ
		Número de participantes
		ilimitado
Espacio de xogo		
Amplo e sen rochas nin árbores.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota e un xiz para debuxar as raias.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Debúxase no chan un terreo dividido en 4 partes. Nos campos centrais sitúanse os dous equipos e nos extremos (cemiterio), lugar a onde van parar os brilados. O xogo consiste en lanzar a pelota contra os xogadores do equipo contrario tratando de golpealos. Se atrapan a pelota e non cae ao chan non están eliminados. Os brilados deben ir ao cemiterio situado detrás do campo contrario. Dende o cemiterio tamén se poden eliminar xogadores do equipo contrario. Gaña o equipo que consegue eliminara a todos os contrarios.</p>		
Debuxo		
		


Id	5	Nome do Xogo
		BUSCAR PARELLA
		Número de participantes
		ilimitado
Espacio de xogo		
Amplio.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Os participantes emparéllanse en dous círculos (un de nenos e outro de nenas). O neno que queda sen parella colócase no medio do círculo e deberá chiscarlle o ollo a algunha das nenas e que esta se dea conta. A nena terá que ir ao medio e collelo da man. O obxectivo do xogo é robarlle a parella a outro xogador.		
Debuxo		
		


Id	6	Nome do Xogo
		AS BÓLAS
		Número de participantes
		mínimo 2
Espacio de xogo		
Liso e chairo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Bólas e unha raia para colocalas	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
A esencia do xogo é lanzar unha ou varias bólas dun golpe para intentar aproximarse ata tocar as bólas do contrario e logo pasar un obstáculo ou aproximarse a un lugar estipulado. Cando se gaña unha man, sóense coller as bólas doutro xogador.		
Debuxo		
		


Id	7	Nome do Xogo
		PINCHO
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
De terra ou barro.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pau que teña punta.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Hai que poñer un pau no chan e debuxar un círculo arredor. Logo, tírase un pau clavándoo no chan para sacar o pau que está no chan do círculo.		
Debuxo		
		

Id	8	Nome do Xogo
		CARREIRA DOS EMBOLSADOS
		Número de participantes
		4 grupos de 5 xogadores
Espacio de xogo		
Terreo firme que non sexa de terra.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Bolsa de patacas vella.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Un mozoponse dentro da bolsa e vai saltando ata chegar ao final do campo. O que caia queda eliminado e así ata que gañe un equipo.		
Debuxo		
		

Id	9	Nome do Xogo
		CARTÓNS ou SANTOS
		Número de participantes
		4
Espacio de xogo		
En calquera lugar.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
carátulas das caixas de mistos, antigos billetes de tren ou solas de zapatillas.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>1.- Sobre unha altura de 1 metro aproximadamente, un xogador deixa caer o seu cartón. A continuación déixao caer o seguinte e así sucesivamente ata que unha cae enriba doutra. Entón gaña ese cartón.</p> <p>2.- Póñense dentro dun círculo os cartóns e os xogadores lanzan por orde a sola da zapatilla, gañando os cartóns que saian fóra do círculo. Se a sola queda dentro ou tocando o círculo, pasará a lanzar o seguinte xogador.</p>		
Debuxo		
		


Id	10	Nome do Xogo
		CASTRO
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Liso e chairo. De terra ou cemento.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pedra	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faise un círculo dividido en catro partes iguais e un cadrado. Tírase a pedra ao chan na saída e faise todo o percorrido polas 4 porcións do círculo golpeando a pedra coa punta do pé mentres se despraza á pata coxa. Non se podía pousar o pé no chan nin a pedra quedar parada sobre algunha das liñas ou fóra do círculo.</p>		
Debuxo		
		


Id	11	Nome do Xogo
		CEROS
		Número de participantes
		4
Espacio de xogo		
Un papel preferiblemente cuadrulado.		
Material	Xógase con material autoconstruido ou reciclado?	
Bolígrafo ou lapis e papel cuadrulado.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Póñense puntos por toda a folla e despois vanse pechando con liñas.		
Debuxo		
		


Id	12	Nome do Xogo
		CHAPAS
		Número de participantes
		2
Espacio de xogo		
Amplio.		
Material	Xógase con material autoconstruido ou reciclado?	
Chapas de refresco.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Consiste en facer un camiño estreito cheo de curvas, obstáculos, subidas, baixadas, pontes, e todo o que aos participantes se lles ocorra para facelo máis atractivo e difícil. Cada xogador irá tirando por turno intentando avanzar cara a meta o máis rápido posible sen saírse do camiño. A saída do camiño implicará a perda desa tirada e a repetición do lanzamento dende o mesmo lugar, no seguinte turno.</p>		
Debuxo		
		


Id	13	Nome do Xogo
CHURRA MONTA A BURRA		
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Nun espazo amplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha silla ou algo para sentarse a nai.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Unha persoa será a 'nai', outra será a 'churra' e todos os demais as 'burras'. A nai séntase e a churra apoia a cabeza nas súas pernas e pon as costas en posición horizontal (hai que asegurarse de que non vexa). Unha vez xa colocadas as dúas persoas, unha burra terá que montar enriba da churra, sen facer ruído para non delatar a súa identidade, e a nai preguntarlle: "San Pedro, a quen téns enriba" e a churra terá que intentar adivíñalo. Se o fai pasará a ser burra e o descuberto convertírase en churra.</p>		
Debuxo		


Id	14	Nome do Xogo
CHURRO, MEDIA MANGA, MANGA ENTEIRA		
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Podíase xogar en calquera sitio.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un xogador ponse de pé e os demais xogadores forman 2 equipos. O 1º equipo fai unha cadea, cada xogador coa súa cabeza entre as pernas do compañeiro de diante. O 2º equipo móntase nas costas dos outros xogadores. O primeiro do outro equipo tócalle no brazo ao compañeiro que está de pé e di: "Churro, media manga, manga enteira". O 1º equipo ten que adiviñar onde toca, se gaña intercámbianse, se perden xogan nas mesmas posicións.</p>		
Debuxo		


Id	15	Nome do Xogo
		CINTO
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Na rúa		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un cinto	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un xogador escondía o cinto e os outros tíñano que buscar. O que o encontraba esperaba a que alguén se achegara e dáballo co cinto. Ao que lle daban era o que escondía o cinto.</p>		
Debuxo		
		


Id	16	Nome do Xogo
		CORRIDA DOS CARRIÑOS DE CANAS
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Grande o pequeno dependendo do número de participantes.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Canas, cordas e arames.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Xúntanse varios participantes. Cada un co seu carriño feito de canas. Había un lugar de partida de onde saían co sinal e gañaba o que chegara á meta primeiro. Era un xogo divertido e de moita espectacularión.</p>		
Debuxo		
		


Id	17	Nome do Xogo
		AL CORRO DE LA PATATA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Canta máis xente, máis espazo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
As persoas que xogan fan un corro, danse as mans e xiran cantando a seguinte canción: "Al corro de la patata comeremos ensalada, como comen los señores, naranjitas y limones". Ao acabar, o último que se agache dálle un bico ao que cantou.		
Debuxo		
		


Id	18	Nome do Xogo
		ENCANTAMENTO
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
En exterior, fóra das casas ou en sitios con moito espazo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Un equipo de bruxas corren a pillar ao outro equipo. Cando unha bruxa atrapa a alguén, este tense que quedar quieto ('encantado'). Os que aínda non foron pillados poden salvar aos 'encantados' se os tocan. Cando todos están encantados, pasan a ser bruxas e os outros escapan.		
Debuxo		
		


Id	19	Nome do Xogo
		ESPICHO
		Número de participantes
		Mínimo 2
Espacio de xogo		
Un cadrado de barro ou terra branda.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Paus.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Un tira o pau ao barro e ten que quedar cravado. O contrario fai o mesmo tratando de derribar o anterior. Se o consegue gaña un punto.		
Debuxo		
		


Id	20	Nome do Xogo
		FITO
		Número de participantes
		5
Espacio de xogo		
ten que ser chan.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Pedras	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cada xogador terá 3 pedras máis o fito, que será de forma triangular. Cada xogador ten que intentarlle dar ao fito coas súas fichas. O premio será o que acorden todos (cromos, moedas,...)		
Debuxo		
		


Id	21	Nome do Xogo
		PITA CEGA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Ten que ser chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pano.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
O xogador que fai de pita ten que levar os ollos tapados co pano. Os demais xogadores danlle 10 voltas arredor de si mesmo para desorientalo. A pita intentará entón atrapar a alguén, que pasará a ser a seguinte pita cega.		
Debuxo		
		


Id	22	Nome do Xogo
		GOMA
		Número de participantes
		Mínimo 3
Espacio de xogo		
Amplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha goma duns 8 metros de lonxitude e un centímetro de grosor que se mercaba en calquera mercería.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Fáiselle un nó na goma e dentro dela póñense dous nenos de fronte. Despois, os demais participantes van facendo diversas figuras: saltar enriba, pisar nun lado, no outro, etc. A dificultade vai aumentando xa que os dous nenos que están dentro da goma van subindo a goma primeiro aos xeonllos, logo ás coxas, á cintura, por enriba da cabeza...		
Debuxo		
		


Id	23	Nome do Xogo
		MARRACHACE
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Xogábase na rúa, onde houbera unha parede.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Calquera obxecto que se poida esconder.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Había que sentarse no chan coas costas contra a parede e todos coas mans para atrás. Só un podía ter o obxecto, pero podían pasar uns aos outros. Un apandaba e tiña que descubrir quen tiña o obxecto.</p>		
Debuxo		
		


Id	24	Nome do Xogo
		MARRO
		Número de participantes
		6-8 persoas
Espacio de xogo		
Nun terreo ou espazo aberto.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Fórmanse 2 equipos. Sae un de cada equipo. Un ten que pillar ao outro. Se o pilla queda preso e se non volve para o seu equipo. Se hai por exemplo 3 presos, un ten que arriscar e chocarlle a man a un deles e saen todos. Gaña o que teña todo o seu equipo.</p>		
Debuxo		
		


Id	25	Nome do Xogo
		AS MOEDAS
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Grande ou pequeno dependendo do número de participantes.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Moedas.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Xúntanse varios participantes, cada un coa súa moeda. Faise unha raia no chan a 4 ou 5 metros da parede, dende aí lanzarán as moedas. Cada participante tirará a súa moeda e o que a deixe máis preto da parede será o gañador.</p>		
Debuxo		
		

Id	26	Nome do Xogo
		MORCILLETA ESTIRADA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Normalmente xogábase onde había árbores, pero pode ser noutro lugar.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un fará de rei e os demais téñense que poñer en fila amarrado coas mans á cintura do compañeiro de diante. A orde tena que elixir o rei. Logo o rei amárrase á árbore (ou outro obxecto fixo) e os demais móvense dun lado a outro como tolos, intentando que o rei ou outro xogador se solte. Os que se desprendan quedarán eliminados. E así ata que queda un vencedor.</p>		
Debuxo		
		

Id	27	Nome do Xogo
		OVO, PICO, ARAÑA
		Número de participantes
		de 3 a 11
Espacio de xogo		
Necesítase un campo un pouco grande (depende do número de xogadores).		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un banco.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un fai de 'nai' e séntase no banco. O primeiro equipo colócase coa cabeza nas coxas da 'nai' e os demais van metendo a cabeza entre as pernas dos outros xogadores. O outro equipo en fila detrás deles e corren e saltan para caer sobre a fila do outro equipo. Normas: O equipo agachado non pode caer de fuciños nin axeonllarse. Os que saltan non poden apoiar nada no chan. O primeiro dos que saltan porá o símbolo do ovo, pico ou araña e o primeiro dos agachados intenta adiviñalo. Se o consegue cambian as posicións os equipos. A nai fai de xuíz.</p>		
Debuxo		
		


Id	28	Nome do Xogo
		PETANCA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
O terreo areento, amplo e chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Bólas, normalmente de metal e unha máis pequena de madeira (boliche).	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Consiste en lanzar as bólas intentando achegarse o máis posible ao boliche. Sempre tira o equipo que vaia perdendo. Gáñanse tantos puntos como bólas dun mesmo equipo queden máis preto do boliche.</p>		
Debuxo		
		


Id	29	Nome do Xogo	
BILLARDA, BIRLO, ESTORNELA ou PALITROQUES			
		Número de participantes	
		Ilimitado	
Espacio de xogo			
Amplio e sen obstáculos.			
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?		
	<input checked="" type="checkbox"/> necesitanse dous paus: un máis curto de 20 cms. aprox. e afiado polas dúas puntas, chamado billarda, birlo. E outro pau máis longo de aprox. 1m. chamado palé, palán, palote ou palenque		
Descrición do Xogo			
<p>1º) tírase a billarda golpeándoa na punta e cando se eleva vólvese golpear o máis lonxe posible (para facilitar a elevación da billarda, colocárase sobre unha pedra ou nun burato). O xogador contrario intenta collela no aire. Se non o consegue, colocárase o palán no punto de partida e o xogador que non a colleu tratará de lanzar a darlle ao palán dende onde caeu a pelota ao chan, logo de dar 3 pasos. Se o consegue miden os pasos (a medida pode ser o propio palán) dende onde colleu a billarda e apuntárase os puntos ademais de pasar a lanzar. Se non o logra, eses puntos serán para o lanzador que seguirá lanzando.</p> <p>2º) Lanzan todos os xogadores por orde e o que o faga máis lonxe gaña.</p> <p>3º) Cada xogador cun palán. Un lanza a billarda o máis lonxe posible e os demais intentan darlle no aire. Cada un que lle dea sumará 10 puntos. Quen falle perderá tamén 10 puntos.</p> <p>4º) Como no 1º) pero o segundo xogador terá que intentar adiviñar a distancia (en pasos ou paláns), se acerta gaña eses puntos.</p>			
Debuxo			
			


Id	30	Nome do Xogo	
PÍDOLA ou POTRANCA. RANGO (en Arxentina)			
		Número de participantes	
		Ilimitado	
Espacio de xogo			
En calquera sitio chan			
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?		
	<input type="checkbox"/> Ningún		
Descrición do Xogo			
<p>Todos os xogadores, excepto un, colócanse dobrados coa cabeza agachada e as mans apoiadas nos xeonllos (en forma de potro) a 1 metro de distancia uns dos outros. O outro xogador salta por enriba dos seus compañeiros e cando chega ao final da fila colócase na mesma posición dos compañeiros, para que o primeiro da fila salte a todos de novo. E así sucesivamente.</p>			
Debuxo			
			


Id	31	Nome do Xogo	PITELA
		Número de participantes	4 ou 5
Espacio de xogo			
Pequeno, chairro e de terra.			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unhas moedas chamadas perras e unha pedra.			<input checked="" type="checkbox"/>
Descrición do Xogo			
Faise un burato e márcase unha raia a dous metros. Enriba do buraco colócase a pedra. Primeiro tirábanse as perras ao buraco. O que máis preto quedara do burato comezaba a xogar. Entón, poñíanse todas as perras sobre a pedra e dabaselle un golpe na punta para que saltaran as perras. E así íano facendo todos. O que máis 'caras' sacara é o que gañaba.			
Debuxo			


Id	32	Nome do Xogo	POCIÑA
		Número de participantes	Ilimitado
Espacio de xogo			
Faise un burato no chan do diámetro dun vaso.			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Noces. As máis redondas e as máis pequenas.			<input checked="" type="checkbox"/>
Descrición do Xogo			
Facíase un burato no chan. Marcábase unha liña a 6 ou 7 metros do burato. Tirábase a noz e intentábase meter no burato, co dedo, intentaba meter as dos outros e se non acertaba tiraba o seguinte que quedara máis preto do burato. Quen primeiro a metía, gañaba.			
Debuxo			


Id	33	Nome do Xogo
		¿QUEN FALTA?
		Número de participantes
		Entre 20 e 30 aprox.
Espacio de xogo		
Pode ser en interior ou exterior.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Os nenos séntanse formando un círculo onde se poidan ver todos. Tapan todos os ollos para non ver e o que fai de nai manda saír entre 1 e 5 persoas do círculo. Os que quedan no círculo intentan adiviñar quen falta. O que adiviña, gaña un punto. Gaña quen chegue a 20 puntos.		
Debuxo		
		


Id	34	Nome do Xogo
		RAIAS
		Número de participantes
		2
Espacio de xogo		
Un rectángulo e dentro do rectángulo raias separadas.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
pedras de pizarra.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Tés que tirar co pé a pedra e sempre ten que ir quedando nos espazos entre as raias. Se a pedra queda tocando unha raia pérdese. Gaña quen consiga chegar ao final sen tocar ningunha raia coa pedra.		
Debuxo		
		


Id	35	Nome do Xogo
		ROMA
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
bulleiro ou terreo brando.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
madeira chamada estoca.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Tíranse as romas tratando de cravalas e tirar as do contrario quedando a do que tire cravada. O que o consiga, gaña.		
Debuxo		
		


Id	36	Nome do Xogo
		TABA
		Número de participantes
		4
Espacio de xogo		
O terreo é pequeno. O xusto para 4 persoas. Xógase no chan.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Úsanse 2 ósos de tenreira (as tabas).	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Os 4 participantes pónense en forma de cadrado. Un tira as tabas e dependendo de cómo caían ao que a taba sinalou ten maior ou menor puntuación.		
Debuxo		
		


Id	37	Nome do Xogo
		TANGO
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Un terreo chairo, que pode ser de terra.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un taco de madeira, pedras redondas e cromos ou algunha outra cousa cadrada ou redonda.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Colócase o taco de madeira a 10m. dos xogadores, despois pónense enriba do taco de madeira os cromos ou a cousa que se queira apostar. Cada xogador colle tres pedras e de un en un lánzanlle ao taco intentando tirar as cousas que se puxeron enriba. A ficha que quede máis preto das cousas que apostaches lévase o premio, pero tamén os demais xogadores poden tirar para afastar a ficha que estea máis preto dos cromos e así quedar eles co premio. O premio son os cromos ou cousas que apostaches antes.		
Debuxo		
		


Id	38	Nome do Xogo
		TRICLE
		Número de participantes
		Os que queiran
Espacio de xogo		
Ten que ser un terreo chairo, de terra preferiblemente para poder pintar nel uns cadrados. Poden ser formando diferentes figuras.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pedra e un xiz ou unha pedra que poida pintar o chan.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Debúxanse uns cadrados de tamaño maior que un pé. Todos numerados. Despois tírase a pedra ao cadrado que toca, se cae fóra desta tócalle ao seguinte. Se non, vai saltando á pata coxa de cadrado en cadrado saltándose aquel onde está a pedra. Cando chegue ao último número e o faga ben gaña un punto. Cando se cansen o que máis puntos teña nese intre é o que gaña.		
Debuxo		
		



Id	39	Nome do Xogo
		A virolla
		Número de participantes
		moitas persoas
Espacio de xogo		
Ao aire libre		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
A cega (un cadro feito de madeira), a virolla (un triángulo de madeira), nove bolos e unha bola. <input type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo		
Xógase lanzando a bola, a derribar a virolla, os bolos e a cega, e gaña quen consiga derribar os bolos a virolla e a cega.		
Debuxo		
		

Id	40	Nome do Xogo
		guá
		Número de participantes
		dous
Espacio de xogo		
sobre terra. Hai que facer un burato pequeno no chan.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
bolas ou canicas <input type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo		
Faise un burato no chan xirando co talón do pé apoiado. Logo cada un dos xogadores deixa caer a súa canica ao chan, despois e cando se sortea quen empeza primeiro. O xogo consiste en lanzar e tocar/golpear tres veces seguidas a túa canica coa do compañeiro e a seguir hai que metela no burato, o xogador que consiga facer isto todo seguido gaña a partida, cada vez que se falla pasa o turno ao compañeiro. (en ocasións o feito de gañar unha partida implicaba conseguir como premio a canica do oponente).		
Debuxo		
		

<i>Id</i>	41	<i>Nome do Xogo</i>	
		Carreiras de burros	
		<i>Número de participantes</i>	
<i>Espacio de xogo</i>			
Espazo liso			
<i>Material</i>		<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Ningún		<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>			
<p>Subíanse nun burro un ou as veces varios nenos e competían con outros nenos que tamén ían a cabalo. O primeiro en chegar ou o último en caer gañaba. Variante: xuntábanse cada dous nenos e un facía de burro logo tiñán que competir coas demais parellas, neste caso tratábase de tirar aos demais e gañaba a parella que quedaba de pé.</p>			
<i>Debuxo</i>			
			


<i>Id</i>	42	<i>Nome do Xogo</i>	
		Xogo de palmas	
		<i>Número de participantes</i>	
		dúas persoas	
<i>Espacio de xogo</i>			
<i>Material</i>		<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
so se precisan as mans		<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>			
<p>Nos xogos de palmas sempre hai unha canción e ao tempo que se vai cantando acompañase commpalmadas conxuntas entre dous ou tres nenos, seguindo un acordo previo de cómo sedarán esas palmas, de fronte, cruzadas, unha de arriba-abaixo e a outra ao revés,... . Segundo unha alumna de Casaio a canción coa que se xoga e a seguinte "se, se, se, pan chocolate e café, un elefante balanceábase sobre as teas dunha araña e como vía que non se caía foi a chamar outro elefante, dous elefantes balanceábanse sobre a tea dunha araña e como e así sucesivamente e cada vez mais rápido.</p>			
<i>Debuxo</i>			
			


Id	43	Nome do Xogo
		A goma
		Número de participantes
		mínimo tres
Espacio de xogo		
espazo liso		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
unha goma longa	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Póñense dous xogadores un fronte ao outro coa goma por detrás das pernas e o outro xogador tiña que pisar a goma cada vez mais arriba		
Debuxo		
		


Id	44	Nome do Xogo
		A podriña (tres en raia)
		Número de participantes
		2
Espacio de xogo		
		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
3 paus, 3 pedras e unha lousa	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cóllese unha tiza ou algo para riscar e trázase unha estrela e ,as pedras tenas un xogador e o outro os paus, e hai que facer tres pedras ou tres paus en fila		
Debuxo		
		


Id	45	Nome do Xogo
		A reca
		Número de participantes
		INDEFINIDO
Espacio de xogo		
Espazo amplo ao aire libre.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
UNHA BOLA DE MADEIRA E TANTOS PAOS COMO NÚMEROS DE PARTICIPANTES	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faciase un burato no chan "ollo" onde se colocaba a reca "bola". Cada un dos participantes tiña nas súas mans un pao longo co que trataban todos a vez de sacar a reca daa corte "burato", a voz de "A RECA NA CORTE ESTÁ QUEN LLE ME DARA". O que antes a sacara e mais lonxe a mandara gañaba o xogo. Unha variante deste consistía xustamente no contrario, o rapáz que tiña a reca no seu poder tiña que tratar de introducila na corte e todos os demais xogadores tratarían de impedirlo, cando algún xogador recuperaba a reca tiña que alonxarse ata unha liña e logo tratar de introducir el a reca na corte e así sucesivamente.</p>		
Debuxo		


Id	46	Nome do Xogo
		A Reca (variante)
		Número de participantes
		MINIMO 3.
Espacio de xogo		
AO AIRE LIBRE.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
USABASE UNHA PEZA DE MADEIRA PARA CADA XOGADOR E UNHA BOLA.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faciase un burato na terra, alí metíase a BOLA de madeira, ou sexa, a reca, cada xogador tiña un pao e tiña outro burato para meter o pao porque sempre había un burato menos. O coidador da reca dicía "QUEN ME QUITARÁ A RECA" entón o coidador e os outros xogadores pegábanlle a reca e sacábana do burato e no momento de pegarlle o coidador da recametía o pao no burato no que tiña a reca e automaticamente o outro pasaba a ser coidador e así sucesivamente.</p>		
Debuxo		


Id	47	Nome do Xogo
		Os Bolos
		Número de participantes
		4 PARTICIPANTES .
Espacio de xogo		
Nunha praza..		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Madeira coa que se facían os Bolos e a bola .	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>AOS XOGOS XOGABASE DE DÚAS FORMAS : A FILA: colócanse tres ou catro bolos e tíranse coa bola e están en fila e todos moi xuntiños .AO CUADRO :colócanse unha fila de dous bolos , outra de tres bolos e outra de catro bolos e tirase coa bola ata tiralos todos. En calquera dos casos habería que facer primeiro dúas liñas, unha a dez e outra a 20 metros para logo bater moi forte nos bolos coa "bola" para tratar de que rebotaran mais aló da liña de 10 metros (así conseguíase un punto por cada bolo) ou da de 20 metros (consequíanse así dous puntos por cada bolo).</p> <p>Curiosidades: A bola, feita de madeira había que deixala toda a noite nunha lama para que estivese húmida e non escachase contra os bolos. Os bolos colocábanse de pé pegados ao chan ou a unha lousa utilizando cando era necesario bosta de vaca.</p>		
Debuxo		
		


Id	48	Nome do Xogo
		Os Bolos (variante)
		Número de participantes
		mínimo 2, máximo 6
Espacio de xogo		
no xogo dos bolos é un rectángulo mais ou menos de 30 mts de longo por 15 mts de ancho.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha bola de madeira e uns bolos tamén de madeira	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Outra variante tamén recollida en Casaio di así: Xogase con unos paus de madeira pequeniños que se chaman bolos e con unha bola de madeira grande colócanse os bolos no chan encima dunha lousa e coa bola tíranse forte contra os bolos e canto mais lonxe vaian os bolos mais puntos conseguen. Había unhas liñas de marca detrás dos bolos, unha a 10 mts e outra a 20 mts e dependendo da liña que se alcanzase se conseguirían mais ou menos puntos, por cada bolo que superase a liña de 10 conseguíase un punto e por cada bolo que superase a liña de 20 conseguíanse dous puntos. É convinte que a bola de madeira estea ben inchada en auga dende o día anterior para que non escache. (novamente é típico desta zona a utilización de lousas nos xogos, xa que e unha zona na que a actividade económica se basa na explotación da lousa.</p>		
Debuxo		
		


Id	49	Nome do Xogo
		A Porca
		Número de participantes
		mais de 21
Espacio de xogo		
Necesítase un campo, pus pelotas e dúas porterías. Hai que marcar gol para gañar		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Nun campo de herba	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cos paus en forma de J e unha pelota de madeira, faise de madeira reutilizada		
Debuxo		
		


Id	50	Nome do Xogo
		A porca
		Número de participantes
		indefinido
Espacio de xogo		
ao aire libre		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
paus coa forma dos paus de hóckey e unha bola	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Hai dúas porterías, cada xogador cun pau e fórmanse dous equipos. O equipo que consiga meter máis puntos na portería contraria gaña.		
Debuxo		
		


Id	51	Nome do Xogo
		O Cruzado, tamén se chama O rou rou
		Número de participantes
		mais de dous
Espacio de xogo		
Calquera		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Xuntábanse varios rapaces polas noites, un deles apandaba contra unha parede, e os outros escondíanse, cando o que apandaba chegaba a cen tíñaos que ir a buscar, a cada un que vía tiña que descubriro tocando na parede sobre a que contou e dicindo en alto o nome de quen viu e o lugar no que se escondía, se algún neno consegue chegar ata a parede antes que o que apandaba salvase dicindo en alto "por min" e se todos tocan a parede volve a quedar o mesmo e se non a tocaron todos o primeiro que viu será o que teña que quedar. O último en ser atopado gañaba. (as veces sucedía que se olvidaban dos que estaban buscando e marchaban para a casa mentres os outros buscaban) .</p>		
Debuxo		
		


Id	52	Nome do Xogo
		A Comba
		Número de participantes
		INDEFINIDO
Espacio de xogo		
AO AIRE LIBRE		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
UNHA CORDA DE TRES METROS	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>QUEDAN DOUS A DAR A COMBA E UN TEN QUE QUEDAR NO MEDIO PARA SALTAR</p>		
Debuxo		
		


Id	53	Nome do Xogo
		A comba
		Número de participantes
		mínimo tres
Espacio de xogo		
Espazo liso		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha corda	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Dous dan e o outro salta ou tamén pode xogar un só agarrando a corda polos dous extremos e saltando		
Debuxo		
		


Id	54	Nome do Xogo
		Canción de corda
		Número de participantes
		INDIFINIDOS
Espacio de xogo		
O AIRE LIBRE		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
ARROZ CON LECHE ME QUIERO CASAR CON UN SEÑORITO DE SAN NICOLAS QUE SEPA COSER BORDAR QUE SEPA ABRIR LAS PUERTAS ABRIR Y CERRAR.		
Debuxo		
		


Id	55	Nome do Xogo
		Xoguete - Pelota de trapo
		Número de participantes
Espacio de xogo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Trapos e fíos	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>trátase de facer a pelota o mais redonda posible cosendo e atando os trapos cos fíos, soían ser pequenas e xogában a pillar con elas, non se utilizaban para xogar ao fútbol prque se romperían moi rápido, para xogar a darlle patas utilizábase a vexiga dos recos na época da matanza, esta inflábase soplando a través dunha palla de trigo e logo atábase.</p>		
Debuxo		
		


Id	56	Nome do Xogo
		Bonecas Peponas
		Número de participantes
Espacio de xogo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Cartón	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Xogábase con elas logo de construílas con cartóns pintadas de cor carne e non tiñan pelo coma as bonecas de hoxe en día senón que o tiñan debuxado. A miña avoa dicía que se che rompía xa non podías xogar mais con ela ata reis. Outro alumno de Casaio di "Son bonecas feitas de papel de reciclaxe e os nenos/as facían coma se falasen e facían xestos con elas."</p>		
Debuxo		
		


Id	57	Nome do Xogo	Carrilanas
		Número de participantes	Indefinido
Espacio de xogo			
Un espazo amplo e costa abaixo			
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?		
	Utilízase madeira e algunha roda se se atopa tirada . <input checked="" type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo			
<p>Son carros de madeira que se botan pola costa abaixo e o carro que chegue antes abaixo gaña. Para construílos adoitaba utilizarse madeira de algunha obra. Din os avós que como nesta zona había minas de Wolframio nas que se utilizaban vagonetas sobre raís, que tal vez estes carriños estivesen inspirados nelas. Sobre esa base de madeira poñíanse unhas rodiñas que podían ser tamén de madeira ou nalgún caso tamén se empregaban rodamentos de algunha máquina. Estas rodas ían colocadas nos extremos de un pau que atravesaba o carro de lado a lado a modo de eixe, un na parte de adiante e outro na de atrás, o eixe de adiante podía moverse para conducir, para isto sobresaía polos dous lados do carriño para poder colocar os pés, xa que estas carrilanas conducíanse cos pés.</p>			
Debuxo			
			


Id	58	Nome do Xogo	Monta la mula (Churro)
		Número de participantes	4 ou 6
Espacio de xogo			
ilimitado			
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?		
	Non se precisa <input type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo			
<p>xogase con 3 persoas por equipo e un que é a madre que se pon de pé (as veces había mais ou menos xogadores xa que había que adaptarse ao número de nenos de cada momento) tres participantes agáchanse, en fila, metendo a cabeza un entre as pernas do outro e as outras tres saltan encima de eles (sen caerse, se se caen xa perden nese momento, se pola contra os que están de baixo se rompen, perderan estes últimos, se non ocorre nada do anterior, os de arriba dirán "navajita, tijerita ou ollo de boi" facendo o símbolo de un dos tres elementos e ensinándollo a madre que será o xuíz, e as que están agachados se acertan ganan e téñense que poñer os outros abaixo e así sucesivamente.</p>			
Debuxo			
			


Id	59	Nome do Xogo
		Chorro morro chajareta.
		Número de participantes
		mais de tres
Espacio de xogo		
Unha parede e uns metros de chan liso ao lado desta.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Non se precisa	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Tratase dunha variante do xogo anterior. Póñense tres ou mais xogadores agachados en fila coa cabeza entre as pernas do de adiante, e o primeiro destes coa cabeza sobre as mans da madre, a madre estará apoiada na parede, de pé e mirando aos xogadores. Os xogadores do outro equipo saltarán enriba destes tratando de chegar o mais adiante posible xa que detrás deles teñen que deixar espazo para que poidan saltar os compañeiros. Logo de saltar todos un dos de arriba di, Chorro morro chajareta e coloca as mans de dúas formas posibles: Puño sobre puño pechado que significa "Chorro morro chajareta" ou , ou unha palma contra a outra que significa "Ciquitaina", e os que están debaixo teñen que acertar o xesto. Se o adiviñan gañan, e se nonn teñen que continuar poñéndose por debaixo.</p>		
Debuxo		
		


Id	60	Nome do Xogo
		A cachopa
		Número de participantes
		3 mínimo
Espacio de xogo		
-Terreo ao aire libre, amplo e cun burato no chan		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>É un xogo similar a o que hoxe coñecemos como hóckey herba. -Enfróntanse dos xogadores que cos seus bastóns tentan meter a bola no burato do chan. Este burato estaba defendido polo terceiro xogador que tentaba que ningún dos outros dous o conseguise. Cando a pelota era introducida no burato, o xogador que o conseguía cambiábase polo "porteiro". Xogábase ata acadar o número de "tantos" decidido polos xogadores antes de comezar o xogo.</p>		
Debuxo		
		


Id	61	Nome do Xogo
		A billarda
		Número de participantes
		Indefinido
Espacio de xogo		
Espazo ao aire libre, amplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
-Un pau pequeno (a billarda) de uns 20 cms e un pau máis grande (o palán) de 45/50 cms de lonxitude e a poder ser, de madeira resistente, normalmente utilizábase a madeira de carballo. <input checked="" type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo		
<p>Antes de empezar, sortéase que xogador ou equipo sae primeiro. Dende o punto de saída (unha circunferencia pintada no chan e chamada reinado ou meta) poñíase a billarda no chan e co palán golpeábase na punta da billarda co fin de levantala do chan e a continuación tiñase que golpear de novo a billarda no aire co obxectivo de enviala o máis lonxe posible. Canto máis lonxe, máis puntos se conseguen. O número de puntos según a distancia acadada decidíase antes de comezar o xogo. Gaña o xogador ou equipo que consiga máis puntos.</p>		
Debuxo		
		


Id	62	Nome do Xogo
		Os pelouros
		Número de participantes
		Indefinido
Espacio de xogo		
Espazo o aire libre ou cuberto cun solo liso e plano		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
-5 ou 6 pedras lisas <input type="checkbox"/>		
Descrición do Xogo		
<p>-O xogo comeza lanzando todas as pedras ao aire e tentando collelas co dorso da man, non coa palma. Polo menos unha pedra ten que quedar no dorso. A continuación, lánzase esta pedra(a coutadeira) ao aire e antes de collela hai que recoller unha das pedras (seixos) do chan. Repítese o proceso ata recoller as catro. A continuación repítese o proceso pero agora hai que recollelos seixos de 2 en 2, logo recollendo 3 á vez, por último, recollendo os 4 xuntos. Un fallo, obriga a cedelo turno ao seguinte xogador/a. Gaña o xogador/a que remate antes todo o xogo.</p>		
Debuxo		
		


Id	63	Nome do Xogo
		As pedras
		Número de participantes
		10
Espacio de xogo		
ilimitado.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
pedras pequenas	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faise unha raia grande no medio da rúa e mídese 10 pasos para un lado e 10 pasos para o outro. Despois faise un redondel de cada lado métese 10 pedras en cada redondel despois tes que roubarillas aos contrarios sen que te pillen e levalas para o teu redondel. (trátase dun xogo no que se chega ao final por esgotamento xa que a medida que vas roubando pedras tamén chas van roubando a ti co cal é moi difícil conseguir o obxectivo final. Novamente vemos como a utilización de pequenas lousas nos xogos é algo típico desta zona.</p>		
Debuxo		
		


Id	64	Nome do Xogo
		Carincha
		Número de participantes
		Indefinido
Espacio de xogo		
Espazo amplo e liso, un camiño de terra ou cemento.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Á Carrincha xógase cun ferro alongado e dobrado na punta, con el empúxase o aro e fanse carreiras, o que chegue antes sen que lle caia o aro gaña a carreira. (Aínda que nos foi relatado este xogo como se se tratase unicamente de competicións está claro que na maioría de ocasións a este xogo se xogaría de xeito unicamente lúdico, con ausencia de competicións e polo simple placer de rodar o aro incluso de xeito individual.</p> <p>"Variante do xogo anterior. "</p> <p>Nesta variante unicamente cambia a terminoloxía dos materiais, tratase de nomes recollidos máis recentemente que poderían ter influencia dos inmigrantes de nacionalidade portuguesa na zona. Precisaba par este xogo un aro (ou chaucha) (dun caldeiro vello ou dun bocoi de viño), e un ferro (ou raña) con forma de gancho nun dos extremos.</p>		
Debuxo		
		


Id	65	Nome do Xogo
		Chapas
		Número de participantes
		+2
Espacio de xogo		
UN PATIO		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
CHAPAS E PAOS	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
TENSE QUE POR UN PAO REDONDO DE BAIXO DUN PATIO . RECTO E FINO . PONSE CHAPAS NO PAO FINO DUNHA ES QUINA E NA OUTRA DSE UN GOLPE , HABER QUEN CHEGA A UNHA RAIA		
Debuxo		
		


Id	66	Nome do Xogo
		O Boneco, tamén se chama Macaca ou Ruleta
		Número de participantes
		1 OU +1
Espacio de xogo		
Chan liso, se sexoga sobre terra debuxarase a macaca riscando cun pao e se se xoga sobre cemento cun xiz.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
Necesítase un xiz para debuxar os 9 cadrados. E unha lousa pequena.		
Descrición do Xogo		
Normalmente xógase con 7 cadrados en liña e dous formando aspas coma no debuxo, pero existen varria variantes deste xogo, incluso con nomes diferentes e nas que os debuxos tamén varían. O nome de "macaca" e de orixe portuguesa, mostrando unha vez mais o proceso de enculturación dos xogos por influencias da inmigración, en Casaio os mais vellos chámanlle "Boneco". Comeza o xogo o primeiro xogador lanzando a lousa ao número 1, logo irá pasando a pata coxa por todos os cadrados excepto o un no que non poderá pisar, ao volver sende o cadrado dous recollerá a lousa. Logo lanzará o seguinte xogador e no seguinte turno no canto de lanzar ao cadrado 1 lanzarase ao dous. Gaña o xogador que primeiro pase por tódolos cadros, se se pisa unha liña ao saltar ou se ao lanzar a lousa non se atina co cadrado correspondente pérdese o turno.		
Debuxo		
		


Id	67	Nome do Xogo
		A Forrica
		Número de participantes
		Mínimmo 3
Espacio de xogo		
Espazo amplo para poder escapar		
Material	Xógase con material autoconstruido ou reciclado?	
Unha correa, habitualmente de tela para que non manque.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faciase un corro con todos os participantes no medio había un coa corre e ese pensaba un nome do que so daba como pista a primeira sílaba, logo os demais trataban de acertar o nome completo, logo entregáballe a correa ao que acertase e este corría para zoscarlle a algún dos participantes excepto ao que lle entregou a correa, cando lle daba a algún volvía a empezar o xogo.</p>		
Debuxo		
		


Id	68	Nome do Xogo
		O Pano
		Número de participantes
		INDEFINIDO.
Espacio de xogo		
ESPACIO LIBRE		
Material	Xógase con material autoconstruido ou reciclado?	
UN PAÑUELO.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>SENTANSE NUN CÍRCULO UN PONSE DE PÉ DANLLE UN PANO E CANTA A CANCIÓN: " EL PATIO DE MI CASA ES PARTICULAR CUANDO LLUEVE SE MOJA IGUAL QUE LOS DEMÁS AGACHATE Y VUELVE A AGACHAR QUE LOS AGACHADITOS NO SABEN BAILAR H, I J, K, L, M,N, Ñ, A QUE SI TÚ NO ME QUIERES OTRO NIÑO ME QUERRÁ.</p>		
Debuxo		
		


Id	69	Nome do Xogo
		Macaca
		Número de participantes
		INDEFINIDO
Espacio de xogo		
ESPACIO AMPLO AO AIRE LIBRE.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
UN XIZ E UNHA PEDRA.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
O QUE É O PRIMEIRO TEN QUE TIRAR A PEDRA AO NÚMERO 1 E TEN QUE PASAR POR ENRIBA DO NÚMERO 1 E CANDO CHEGE ATA A PEDRA TEN QUE COLLELA E SALTAR POR RIBA. E TEN QUE FACER ISO COS DEMAIS NÚMEROS.		
Debuxo		
		


Id	70	Nome do Xogo
		A Buxaina
		Número de participantes
		1
Espacio de xogo		
LISO		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
UNHA CORDA DE METRO E MEDIO E UNHA BUXAINA	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
AI QUE ENROLAR A CORDA ARREDOR DA BUXAINA E DESPOIS LANZALA		
Debuxo		
		


Id	71	Nome do Xogo
		A chave
		Número de participantes
		indefinidos
Espacio de xogo		
ao aire libre		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
unha peza de ferro en forma de cruz, con dobre aspa a superior mais pequena que a inferior. Tamén ten uns pesos serán redondos e planos, alisados polas dúas caras deben de ter de 500 gramos todos so iguais		
Descrición do Xogo		
a distancia de tirar será de 20 metros. Os xogadores/as lanzarán os pesos cada lanzamento que de na chave terá valor de 1 tanto tendo que ser a tiraxe directa sen rebotar nin tocar antes no chan. E quen chegue antes os 21 puntos gaña		
Debuxo		
		


Id	72	Nome do Xogo
		Zancos
		Número de participantes
		indefinidos
Espacio de xogo		
ao aire libre		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
Dúas polas de carballo e un taco de madeira para apoiar os pés.		
Descrición do Xogo		
Cortábanse dúas gallas de carballo, procurando que no fondo hubese un bo gallo (pola) para apoiar os pés. Debaixo deste usábase un anaco de pau (para apoiar ben os pés e que non mancasse xa que as polas adoitan saír en ángulo e de non colocar este anaco de madeira doería nos pés), móntase cada un no seus paus, colocando os pés onde se sinalou e agarrando coas mans a cima da pola, logo e intentaban tirar os outros compañeiros quen caera perdía e o outro gaña (esta parte é similar ao xogo do "Burro" xa decrito).		
Debuxo		
		


Id	73	Nome do Xogo
		O peón
		Número de participantes
		os que se queiran
Espacio de xogo		
chan liso		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
un peón	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
xógase no chan e tes que facer que baile		
Debuxo		
		


Id	74	Nome do Xogo
		O xogo da rá
		Número de participantes
		indefinido
Espacio de xogo		
ao aire libre ou dentro		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha mesa cunha rá, un muiño, dúas aspas, dúas pontes, catro pozas e cinco pellos de ferro, debaixo a mesma haberá unha gabeta dividida en compartimentos nos que existe unha puntuación correspondente a cada un.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cada xogador lanzará cinco pellos		
Debuxo		
		


Id	75	Nome do Xogo
		A Corda
		Número de participantes
		mais de tres
Espacio de xogo		
Tense que xogar nun espazo alongado		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha corda	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Dúas persoas teñen que dar a corda e cantaban. E os outros participantes teñen que ir saltando e se perden teñen que dar a comba, pódese xogar ao montón (no que os participantes van entrando progresivamente), a entrar e saír, a ver quen salta mais veces, e tamén se pode xogar de xeito individual cunha corda mais pequena. Normalmente adoitase cantar unha canción mentres se salta, esto é mais habitual cando o xogo é colectivo e estas cancións poden verse na seguinte ficha.</p>		
Debuxo		
		


Id	76	Nome do Xogo
		Canción de xogar á Corda
		Número de participantes
		mínimo 3
Espacio de xogo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Corda de saltar	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Dende Pequeniña me quedei / ChisPum / Algo resentida deste pé / Chis Pum / Anque sei non é cousa moi bonita / Disimular disimularei coa punta deste pé / Chis Pum</p> <p>. Ó Pemento colorado / azul e verde / a señorita / Quérese casar con</p> <p>O cocherito leré leré / díxome a noite leré leré / que se quería leré leré / montar en coche leré leré / e eu lle díxen leré leré / con gran salero leré leré / non quero coche leré leré / qu e me mareo leré leré.</p> <p>Ó montón que pouquiños son / se son poucos que entren máis / pan , viño , queixo e touciño.</p>		
Debuxo		
		


Id	77	Nome do Xogo
		Rifas para botar as sortes
		Número de participantes
Espacio de xogo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Botón/, botón /da bota /boteira/ teño un/ vaso na esca/ leira/ no mo /rompas /que é de/ madeira chiri/ bitón /fora.</p> <p>A /galiña/ no/ curral/ e/ o galo /na/ esca / leira,/ un /dous/ tres /fora.</p> <p>Un /gato/ caeu /nun pozo/ e /as tripas /fixeron/ gua;/ arre/ moto /piti /poto /salvadiño /ti/ estás/.</p> <p>.Unha / mazá/ podrida /unha , / dúas , / tres / saída</p> <p>Un /avión / xapo / nés cantas / bombas / bota / ó mes / vinte /e cinco/ non o / sei / 1/ 2/3/ 25.</p>		
Debuxo		
		


Id	78	Nome do Xogo
		Rifas para botar as sortes
		Número de participantes
Espacio de xogo		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Tita / tita /taritón /tres /ga / liñas /e un ca/ pón. /O ca/ pón /estaba/ morto/ tres ga/ liñas/ no/ horto,/ ris /ras /fora/ estás./</p> <p>Morta/delo/ e File/món/ foronse/ de escur/sión,/ onde/ foron/ morta/delo e/ file/món/(di un lugar)... Foche/ ti/ a ese/ sitio/ tan/ bonito/ chamado/(o mesmo sitio),/(contesta si ou non)/. Pois/ entón/ ti estas/ salvado</p> <p>pito,/ pito/ colo/rito/ saca/ a man/ no vinte/cinco/ en que/ lugar/ de portu/gal/ en que/ calexa/ en vila/ vela/ esconde a/ man/ que ven/ aquela.</p> <p>.Un/ paiaso/ foi a/ Madrid/ cos mocos/ no/ nariz/ ¿verdade que si?/ (contesta si ou non)/ ¿verdade /que /ti tes/ que irte/ de</p>		
Debuxo		
		


Id	79	Nome do Xogo
		Marro
		Número de participantes
		10 ou máis
Espacio de xogo		
sole ser chan		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Tiza para facer unhasa raias no chan	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Saía un xogador de cada equipo ao ser collido un do equipo contrario levávoa á raia que estaba diante do equipo;se collían dous ou máis formaban unha cadea e o xogador que lle toca saír pode salvarlos gritando:"Marro!"-e tocaba a man e se un equipo conseguía todos os xogadores de outro gañaba.		
Debuxo		
		


Id	80	Nome do Xogo
		A petanca
		Número de participantes
		2 en diante
Espacio de xogo		
É unha plataforma de terra, e a bola que chegue máis cerca da de madeira.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Son bolas de ferro ou metal.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Cada xogador ten 2 ou 3 bolas. O xogo consiste en acercar a/as bola/as e a que chega máis cerca á bola de madeira ten un punto e así seguindo..2 puntos,3 puntos...según as túas bolas se vaian acercando.		
Debuxo		
		


Id	81	Nome do Xogo
		Billarda
		Número de participantes
		varios
Espacio de xogo		
Non ten unha area de xogo en concreto, pero soese xogar en sitios descampados.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Madeira	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Trátase de darlle cun pao ao outro facendo que este salga disparado e chegue o máis lonxe posibel.		
Debuxo		
		


Id	82	Nome do Xogo
		O Pincho
		Número de participantes
		3
Espacio de xogo		
Un círculo debuxado no chan,pode ser grande ou pequeno.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un ferro afiado por un extremo duns 40 cms.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Faíse un círculo no chan, un xogador tira ou crava o pincho ao círculo faise unha raia dividindo a circunferencia, se colle un pé no trozo dividido podes seguir tirando, pero cando chegueo momento que non colla o pé no teu territorio porque perdes o xogo.		
Debuxo		
		


Id	83	Nome do Xogo
		Sangre
		Número de participantes
		máis de 2
Espacio de xogo		
Amplio onde haxa moito espazo e non haxa columnas.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Pódese xogar cos nomes de: cores, países...entón o que ten a pelota lanzaa e dí un nome e o que ten ese nome ten que ir a pola pelota o antes posibel. Cando se teña a pelota na man dise: "sangre!", ou "pés quetos!", e as persoas teñen que saír a correr mentres o outro colle a pelota. Cando se da ese grito non pode moverse do sitio. Entón o que ten a pelota da tres pasos adiante e tenlle que dar ao que máis cerca esté ate que remate as 3 vidas que ten.</p>		
Debuxo		
		

Id	84	Nome do Xogo
		Pano
		Número de participantes
		máis de 3
Espacio de xogo		
Amplio		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pano	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Fáanse dous equipos e se separan uns cantos metros. Cada equipo escolle unha cor ou número e o árbitro cando grite ese número ou cor a parexa de cada equipo ten que ir a coller o antes posible o pano e regresar ao seu punto de saída.</p>		
Debuxo		
		

Id	85	Nome do Xogo
		Mariola
		Número de participantes
		2 ou máis
Espacio de xogo		
Pintado no chan		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pedra	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un dos xogadores, o que empeza, tira unha pedra no número a número, hai que saltar á pata coxa e coller a pedra sen pisar a casilla donde está a pedra. Se o fai ben, volve a repetir, se o fai mal, xoga o seguinte.</p>		
Debuxo		
		


Id	86	Nome do Xogo
		Os birlos
		Número de participantes
		Os que se queiran
Espacio de xogo		
Terra.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Hai que colocar dez birlos de forma na que ningún tape ao outro, tirar unha bola un pouco pesada e intentar tirar todos os bolos. Hai dúas oportunidades.</p>		
Debuxo		
		


Id	87	Nome do Xogo	
		Canicas	
		Número de participantes	
		Varios	
Espacio de xogo			
No chan (plan)			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Canicas		<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo			
Dáse as canicas dos outros xogadores e collelas.			
Debuxo			
			

Id	88	Nome do Xogo	
		Brilé	
		Número de participantes	
		Varios	
Espacio de xogo			
Chairo			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota		<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo			
Hai que intentar darlle os do outro equipo co balón ata que non quede ninguén.			
Debuxo			
			

Id	89	Nome do Xogo
		ACEITEIRA
		Número de participantes
		Infinito
Espacio de xogo		
Non importaba como era o terreo de xogo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Só xogaban nenas. Unha delas facía o papel de nai e outra, a que pandaba, agachaba a cabeza no seu colo para non ver ao resto das nenas que se achegan cantando: "Aceiteira, vinagreira, chascorraschás; amarrar e non dar, dar sen dó, que morreu o avó. Dar sen rir nin falar, un belisquiño no cu e botar a fuxir" (ao tempo que unha lle belisca o cu). Unha vez que se agochan todas, a que fai de nai pregunta: "Están os paxariños na gaiola?", ao que o resto das nenas responden: "Están, si señora". E a nai di: "Boto a rede?"; respostándolle as outras nenas: "Alá vostede, bótea se quere". Momento no que a nai ceiba á nena que estivo ata entón no seu colo e berra: "á nai, á nai! Para que as que estaban agochadas corran cara ela. Se a que pandou atrapa algunha, esta ocupa o seu posto.</p>		
Debuxo		


Id	90	Nome do Xogo
		As Améndoas
		Número de participantes
		cantos máis mellor
Espacio de xogo		
Sentados en tallos arredor dunha mesa		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Améndoas.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Cóllense na man, sen que os demais xogadores se enteren, un número calquera de améndoas e os demais terán que adiviñar cantas son. O que acerte gaña e pasa a ser o xogador que agocha as améndoas.</p>		
Debuxo		


Id	91	Nome do Xogo
		A araña e os insectos
		Número de participantes
		Indeterminado
Espacio de xogo		
Terreo amplo e chairro dividido en dous por unha raía.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Non ten.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
O xogador que fai de araña situarase na liña divisoria dos dous campos e os demais xogadores deberán atravesala sen ser tocados pola araña. Os tocados vanse convertindo en arañas e móvense pola liña intentando pillar aos insectos que a atravesan. O xogo remata cando todos se teñan convertido en arañas.		
Debuxo		
		


Id	92	Nome do Xogo
		O Aro
		Número de participantes
		Os que queiran.
Espacio de xogo		
O terreo de xogo debe ser moi chairro e sen pedras.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un aro de ferro e un ferro fino ou arame (chamado guía) coa punta dobrada	<input checked="" type="checkbox"/>	
pola metade.		
Descrición do Xogo		
Primeiro colles o aro e despois a guíaponse no aro para empurralo, dirixilo e que non caía. O obxectivo é conseguir gran velocidade e dirixilo con destreza por distintas superficies.		
Debuxo		
		


Id	93	Nome do Xogo
Billarda, Estornela ou Pateiro		
		Número de participantes
		Case sempre eran 2
Espacio de xogo		
Campo aberto e moi extenso. Libre de árbores e maleza.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
A billarda, estornela ou pinchín (pau duns 20 cm. de longo afiado polas dúas puntas coma un lapis) e outro máis longo chamado palau ou palán (duns 50 cm. de longo).		
Descrición do Xogo		
Variantes:		
1) Tiran por turno os dous xogadores tres tiradas. O que a lance máis lonxe, gaña. O lanzamento consiste en golpear a billarda co palán para que se despegue verticalmente do chan e antes de que caia ao chan golpéase de novo a billarda intentando lanzala o máis lonxe posible.		
2) Un dos xogadores lanza a billarda o máis lonxe que poida e deberá calcular a distancia á que quedou a billarda do punto de inicio, utilizando como unidade de medida o propio palán. Se acerta suma eses puntos ou paláns e se erra pasa a xogar o outro xogador sumando os puntos fallados polo cotrincante.		
3) Un xogador lanza e o contrario terá que intentar collela no aire ou tratar de introducila no cadro de inicio dende onde quede pousada logo do golpeo do		
Debuxo		


Id	94	Nome do Xogo
BOLOS		
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Un terreo chairo, unha praza ampla, un patio.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input checked="" type="checkbox"/>	
6 bolos cilíndricos de madeira (preferentemente de carballo ou xardón), unha bóla tamén de madeira, dúas pedras lisas de pizarra e un pouco de barro ou merda de vaca.		
Descrición do Xogo		
O espazo de xogo divídese en tres espazos. O 1º espazo de 20m. de longo, vai dende a liña de tiro á liña de 10. O 2º espazo de 20m. de longo, que vai entre a liña de 10 e a liña de 20. O 3º espazo é o que queda máis aló da liña de 20. Colócanse os bolos sobre unha das pedras, suxeitos con algo de barro para que non caian antes do lanzamento. A continuación sitúase o lanzador sobre a outra pedra situada a 2,5m. de distancia aproximadamente e lanza a bóla contra os bolos con toda a súa forza. Se a bóla pasa por enriba dos bolos sen darlles non suma puntos e pasa a lanzar o seguinte xogador (a esta acción chamáselle "botar un cabalo"). Se a bóla logo de golpear nos bolos non supera a liña de 10 tampouco se suman puntos (a esa acción chamáselle "cochar"). Se a bóla supera a liña de 10, entón súmase 1 punto por cada bolo que caia antes desa liña, 10 puntos por cada bolo que quede entre a liña de 10 e a de 20, e 20 puntos por cada bolo que supere a liña de 20.		
Debuxo		


Id	95	Nome do Xogo
		O Bote
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Calquera sitio no que a xente se puidera agochar.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un bote de latón con pedras dentro.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Sortéase o xogador que apanda. Cóllese un bote e énchese de pedriñas pequenas que fagan ruído. Un dos xogadores pégalle unha patada ao bote e, o que apanda, ten que ir correndo a buscalo para traelo de volta ao lugar de lanzamento. Mentres os demais xogadores aproveitan para correr a agocharse. O que apanda, unha vez colocado o bote no seu sitio, sae a buscalos e cando descubre a algún corre ata o bote e di: Bote por ... (e o nome do descuberto)! O que foi descuberto queda nos arredores do bote á espera de que outro compañeiro chegue correndo e lle pegue unha boa patada ao bote e o salve comezando de novo o xogo. Se o que apanda é quen de descubrilos a todos comeza de novo o xogo apandando o primeiro en ser descuberto, o último ou sortéase de novo.</p>		
Debuxo		
		


Id	96	Nome do Xogo
		Brilé ou Balón prisionero
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Un campo ou calquera terreo chairo. Márcase un gran rectángulo dividido á metade onde se situarán ambos equipos. Nos fondos de cada campo de		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Comeza cada equipo no seu campo excepto un xogador que ocupará provisionalmente o cemiterio do campo inimigo ata que non haxa eliminados do seu equipo. O obxectivo do xogo é ir dando co balón aos xogadores do equipo contrario. Os que están no cemiterio tamén poden eliminar contrarios. Non quedará eliminado un xogador se é golpeado pola pelota logo de botar no chan. tampouco quedará eliminado se é capaz de collela coas mans sen que lle caia ao chan. Perde o equipo ao que lle eliminan todos os compoñentes.</p>		
Debuxo		
		


Id	97	Nome do Xogo
		Buxaina, peón, trompo ou peonza
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Serve calquera terreo. Mellor se é de terra e chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un cordel e unha buxaina.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Enróscase o cordel na buxaina e tírase intentando que rode o máximo tempo posible.		
Debuxo		
		


Id	98	Nome do Xogo
		Cadeiras
		Número de participantes
		De 4 a 7.
Espacio de xogo		
Un espazo chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Cadeiras e un asubío.	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Colócanse en círculo unha cadeira menos que xogadores haxa. Os participantes corren arredor do círculo de cadeiras ata que soe o asubío, momento en que deberán correr a sentarse porque o que quede sen cadeira quedará eliminado. Entón quitarase unha cadeira e seguirase xogando.		
Debuxo		
		


Id	99	Nome do Xogo
		Bólas, canicas, corro (1). O gua, a cuarta (2)
		Número de participantes
		2 como mínimo.
Espacio de xogo		
unha zona chaira de terra.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha bóla por xogador.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>1) Nun corro ou círculo pintado no chan coloca cada xogador unha bóla. Cada xogador irá tirando cunha bóla dende unha distancia determinada con anterioridade e marcada cunha liña. Cantas máis bólas saque do corro no lanzamento, máis bólas para o peto. Se a bóla lanzada queda dentro do corro, non se pode recuperar ata que alguén a saque dun lanzamento. Variante: o corro é un burato. Gáñanse as bólas sacadas do burato ou todas as que estean dentro del se se "mata" a todos os contrincantes dándolle ás súas bólas.</p> <p>2) Márcase unha estrada na terra cun pau e o final da mesma será un burato chamado gua. O xogo consiste en chegar no mínimo de lanzamentos posible ata o gua sen que a bóla toque os bordes da estrada.</p>		
Debuxo		
		


Id	100	Nome do Xogo
		Cartóns
		Número de participantes
		2 como mínimo.
Espacio de xogo		
O terreo de xogo é unha eira na que se debuxaba un óvalo e, a 10 ou 15 metros del, unha raia.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pedra de lousa para cada participante, normalmente redondas e tantos cartóns coma os participantes quixesen (os cartóns obtíñanse das dúas caras dunha caixa de mistos.).	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Póñense os participantes xunto ao óvalo, tiran a súa pedra preto da raia, o que máis preto queda dela comeza a xogar. A finalidade do xogo é sacar os cartóns do óvalo sen que quede a pedra dentro (así gañaranse os cartóns que queden fóra do óvalo) ou "matar" aos compañeiros (isto conséguese dándolle ás pedras dos contrincantes coa túa, ao que lle deas estará eliminado).</p>		
Debuxo		
		


Id	101	Nome do Xogo
		As catro esquinas
		Número de participantes
		5
Espacio de xogo		
Unha habitación baleira ou un cadrado grande pintado no chan.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Colócase un neno en cada unha das catro esquinas do cadrado e o quinto no centro. Cóntase ata tres e os xogadores das esquinas teñen que cambiar de esquina. Momento que aproveitará o xogador do centro para facerse cunha das esquinas e o que quede sen ela irá para o centro. Este xogo non ten fin.		
Debuxo		
		


Id	102	Nome do Xogo
		A cerilla, o misto ou queimadedos
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Un espacio interior, normalmente arredor dunha mesa.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha caixa de mistos.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Comézase a xogar prendéndolle lume a un misto e pasarano dun xogador a outro intentando que non se apague. A quen se lle apague deberá pagar unha prenda e comezarse de novo con outro misto.		
Debuxo		
		


Id	103	Nome do Xogo
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Trázase un circuíto na terra cheo de canles, pontes, desniveis, curvas, ...		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Os tapóns das botellas.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Trátase dunha carreira con chapas a través dun circuíto feito na terra. tírase a chapa cos dedos por turnos. Se ao tirar a chapa se sae do circuíto terá que volver ao punto dende onde foi lanzada. O xogador que chegue antes á meta será o gañador. Se unha chapa bota fóra do circuíto a outra, esta última perderá un turno de lanzamento.		
Debuxo		
		


Id	104	Nome do Xogo
		Chave
		Número de participantes
		Varios
Espacio de xogo		
Terreo chairo de terra onde se poida cravar a chave. A uns 12 metros de distancia situarase a liña de lanzamento.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha peza de ferro que se crava no chan e dúas aspas que xiran arredor dela (chave). Unhas fichas redondas de ferro macizo de 5 cm. aproximadamente de diámetro (pellos).	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Consiste en lanzar os pellos (3 por xogador). Cada pello que golpee algunha parte da chave sumará un punto. Gaña o xogador que primeiro chegue aos puntos acordados. A este xogo tamén se pode xogar de parellas.		
Debuxo		
		


Id	105	Nome do Xogo
		Comba
		Número de participantes
		Todos
Espacio de xogo		
Calquera no que se poida saltar.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha corda de 3 metros mínimo.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Pódese xogar individualmente ou en grupo. Cando se xoga en grupo dous xogadores suxeitan a corda por cadansúa punta e fana xirar. Os demais saltan de un en un ou de máis se a lonxitude da corda o permite. Quen perde porque fai parar a corda pasa a substituír a un dos que xiran a corda.</p>		
Debuxo		
		


Id	106	Nome do Xogo
		Cravo ou Espeto
		Número de participantes
		Entre 2 e 6
Espacio de xogo		
Nun prado chairo e húmido para que o pau cravara con máis facilidade.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pau de 60 cm. afiado nun extremo (cravo ou espeto).	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Faise un círculo no chan dun metro de diámetro. Por turnos van lanzando os xogadores o seu cravo intentando derribar algún dos chantados no círculo. Quen o consiga collerao e lanzarao o máis lonxe posible. O dono do pau irá correndo a por el mentres o que o derribou lanzará o seu espeto ao chan sucesivamente tantas veces como sexa capaz ata que retorne o compañeiro. Sumará un punto por cada vez que o crave.</p>		
Debuxo		
		


Id	107	Nome do Xogo
		Dame Lume
		Número de participantes
		Os que queiran
Espacio de xogo		
Terreo chairo de terra ou cemento.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Xiz ou un pau para pintar os círculos.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Píntanse varios círculos no chan procurando que un quede no centro. O neno que quede no círculo do centro terá que intentar pillar aos demais que estarán correndo dun círculo a outro. Non poderán ser pillados cando estean dentro dun círculo. O pillado pasará a ocupar o círculo central.</p>		
Debuxo		
		

Id	108	Nome do Xogo
		Goma ou Liga
		Número de participantes
		Mínimo 3.
Espacio de xogo		
Chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha goma elástica.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Dous xogadores colocan a goma estirada entre os nocellos e a terceira terá que facer distintos saltos, bailes, etc. superando a goma ou pisándoa. Ao remate das distintas figuras os que suxeitan a goma subirana á altura dos xeonllos, logo da cadeira, sobaqueira, pescozo e por riba da cabeza suxeitándoa coas mans. Cando un xogador se equivoque trocará o seu posto cun dos outros.</p>		
Debuxo		
		

Id	109	Nome do Xogo
		Lanzamento de aixada
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
É un terreo chairo, de terra. De setenta metros de longo por dez de ancho.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
Utilízanse 6 aixadas: dúas de un quilo, dúas de dous quilos e outras dúas de dous quilos e medio.		
Descrición do Xogo		
Xógase collendo unha aixada e tirándoa dende unha liña o máis lonxe posible. Tíranse dúas aixadas de cada peso, por se a primeira non é válida ou para intentar tirala máis lonxe que a primeira. Despois súmanse os metros das tres aixadas, unha de cada peso. Cando rematen as tres roldas de lanzamentos o que máis metros sume será o gañador.		
Debuxo		
		


Id	110	Nome do Xogo
		A letra
		Número de participantes
		Máis de catro
Espacio de xogo		
Cadrado e segundo o número de participantes, máis grande ou máis pequeno.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	<input type="checkbox"/>	
Sen material.		
Descrición do Xogo		
Fanse dous grupos e cada grupo pensa unha palabra. Cada persoa do equipo levará asignada unha letra desa palabra. Un dos equipos escapa e o outro ten que pillalos. Os pillados deberán dicir a súa letra e unha vez collidos todos deberán adiviñar a palabra. Se o conseguen gañan. Non se permiten palabras estranxeiras ou inventadas.		
Debuxo		
		


Id	111	Nome do Xogo
		Mancha velenosa
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Nas rúas da cidade ou da aldea.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>É un xogo de pillar. Un persegue e os demais fuxen intentando non ser pillados. O pillado pasa a ser perseguidor pero debe levar unha man na parte do corpo onde foi tocado. E así sucesivamente.</p>		
Debuxo		
		


Id	112	Nome do Xogo
		Mariola, Tricle, Truco, Charanga, rayuela
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Terreo chairro sen pedras nin fochas.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pedra de pequeno tamaño para cada xogador, xiz ou pedras que pinter...	<input type="checkbox"/>	
Se se xoga en terra pódese pintar o terreo de xogo cun pau.		
Descrición do Xogo		
<p>1) Primeiro co xiz píntanse tres cadrados cara diante, outros dous cara os lados, outro cara diante, dous máis cara os lados e un 9 semicircular (a figura pode ter outras formas, pero non inflúen na dinámica do xogo). Logo numéranse os cadrados. A continuación, o primeiro xogador lanza a pedra intentando que caia no primeiro cadrado e deseguido debe ir saltando os distintos cadros á paticoxa, se son cadros individuais e un pé en cada un dos cadrados pareados. Cando chega ao último cadrado deberá retornar ao punto de partida sen pisar no cadro da pedra e sen tocar cos pés os bordos dos cadros restantes. Se o consegue lanzará a pedra ao segundo cadro e así sucesivamente. Gaña quen complete todo o percorrido.</p> <p>2) A pedra debe irse empurrando coa punta do pé de cadro en cadro sen quedar nunca tocando as liñas e sen tocar tampouco as raias co pé (hai que facelo á paticoxa). Pérdese tamén o turno se se apoia o pé en aire.</p>		
Debuxo		
		


Id	113	Nome do Xogo
		Pano
		Número de participantes
		Mínimo 5
Espacio de xogo		
Ten que ser liso e amplo. Fanse dúas raias detrás das cales estará cada equipo e no medio, á mesma distancia de ambas, situarase a 'nai'.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pano de papel ou de tea.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>1) Fanse dous equipos co mesmo número de xogadores numerados en segredo. No medio dos dous campos sitúase a 'nai' suxeitando o pano co brazo estirado. Ela será a encargada de dicir un número ao chou e os membros de cada equipo posuidores dese número deberán correr a coller o pano e levalo á súa liña sen ser tocados polo oponente. 2) A mesma distribución que o anterior pero a 'nai' soste dous panos. Unha vez que di un número saen correndo os posuidores do mesmo, collen cadanseu pano e vano atar no pulso dun dos xogadores do equipo contrario. A continuación corren a desatar o pano do compañeiro do seu equipo para atarlló a outro na perna. Por último deben correr ao campo contrario, desatar o pano do xeonllo do xogador do outro equipo e correr ata a 'nai' para atarlló no brazo. Para botar a última carreira ata o campo propio. O último dos dous xogadores en facer todo o proceso quedará eliminado. O equipo que antes quede sen xogadores será o perdedor.</p>		
Debuxo		


Id	114	Nome do Xogo
		Pano 2
		Número de participantes
		20
Espacio de xogo		
Espazo amplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Pano de tecido	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Os participantes séntanse no chan facendo un círculo. Un dos participantes vai dando voltas arredor, mentres os outros cantan unha canción. Ata que o que dá voltas decide deixar o pano detrás dalgún neno do círculo que inmediatamente deberá erguerse e perseguir ao que estaba de pé e este tratará de chegar ao sitio que deixou baleiro o que o persegue. Se o consegue, fica nel e o outro pasará a dar voltas ao círculo para deixarlle o pano a outro compañeiro e así sucesivamente.</p>		
Debuxo		


Id	115	Nome do Xogo
		Pelexa de galos
		Número de participantes
		Mínimo 2 xogadores.
Espacio de xogo		
Xógase nun lugar exterior, onde se debuxarán dous círculos de igual tamaño.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Dous aros ou dous círculos debuxados polos participantes. <input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Dous xogadores deberán situarse dentro de cadanseu círculo (estarán próximos). Só se poden apoiar nun pé. Teñen que conseguir que o contrincante perda o equilibrio, caia, pise as liñas do círculo ou saia fóra del. Os contrincantes só poden empurrarse coas palmas das mans. Pódense dar saltos dentro do círculo, pois deste xeito é máis doado manter o equilibrio.		
Debuxo		
		


Id	116	Nome do Xogo
		Petanca
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Xógase en espazos abertos, limitados ou non. Fundamentalmente chairros e mellor cun pouco de area.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Bolas metálicas cunhas estrías diferentes arredor para distinguir os equipos. <input type="checkbox"/> diámetro é de 7-8 cm. e un peso entre 625 e 800 gramos. 1 bóla pequena de madeira (boliche) cun diámetro de 2,5 a 3,5 cm.	
Descrición do Xogo		
O xogo consiste en guindar unha serie de bólas metálicas co propósito de achegarse o máis posible ao boliche que foi lanzado anteriormente por un dos xogadores (a unha distancia de 6-10m.). Quen se achegue máis ao remate da quenda de lanzamentos, obtén un punto. O primeiro que consiga trece puntos, gaña. Cada xogador lanza, por quendas, tres bólas na modalidade individual e dúas se se xoga por equipos. Sempre debe tirar o xogador ou equipo que teña as bólas lanzadas máis lonxe do boliche. Os lanzamentos poden ser de dous tipos: de aproximación ou de impacto.		
Debuxo		
		


Id	117	Nome do Xogo
		Piollo
		Número de participantes
		Mínimo 4.
Espacio de xogo		
Espazo amplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Balón de espuma.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Dous equipos (A e B). Un xogador do equipo A ten o balón e ten que pasalo ao seu compañeiro, sen que o que está no medio a colla. Teñen que pasar o balón 3 veces seguidas sen que lle caia, se lle cae ten que comezar de novo. Cando pasan 3 veces o balón inténtase brilar ao que está no medio (o equipo B). Cando brilan a alguén pasan a ocupar o sitio do equipo A.</p> <p>Variante: Os que están no medio poden ser moitos (non hai máximo) e o outro equipo cando pasa 3 veces o balón sen que llo collan e sen que lle caia ao chan, intenta brilar a un dos que está no medio. Se o fai grita ¡piollo! e quen foi brilado é eliminado.</p>		
Debuxo		
		


Id	118	Nome do Xogo
		Pita cega
		Número de participantes
		8, aproximadamente.
Espacio de xogo		
Moi amplo e sen obstáculos.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha venda para os ollos da pita.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Escóllese a un neno ao que se lle pon unha venda nos ollos para que non poida ver aos seus compañeiros. O neno comeza a buscar aos demais apalpando. Se colle a alguén terá que adiviñar de quen se trata. Se o recoñece, o descuberto pasará a ser a pita cega.</p>		
Debuxo		
		


Id	119	Nome do Xogo	
		Policías e ladróns	
		Número de participantes	
		Ilimitado	
Espacio de xogo			
Un espazo amplo.			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Sen material.		<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo			
Dous equipos. Uns serán os policías e perseguirán aos do outro equipo (os ladróns). Os pillados serán levados ao cárcere onde esperarán a ser salvados coas mans unidas formando unha cadea. Cando todos estean pillados trocarán de roles os equipos.			
Debuxo			
			


Id	120	Nome do Xogo	
		Porca	
		Número de participantes	
		De 3 a 8.	
Espacio de xogo			
Un espazo chairo de terra. Farase un burato por xogador (menos 1).			
Material		Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Paus longos e unha lata.		<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo			
Cada participante ten un pau e un burato propio no chan excepto un xogador que non terá burato. Comézase o xogo tirando a lata ao aire e lle pegarán co pau o máis forte posible. O xogador que non ten burato irá buscar a lata e intentará co seu pau metela nun burato calquera. O propietario do mesmo tratará de evitalo. Se o consegue gáñalle o burato e volven xogar.			
Debuxo			
			


Id	121	Nome do Xogo
		Ra
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
A mesa e unha liña de lanzamento situada a 1,5m. aproximadamente.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Unha mesa de madeira con varios buratos con diversas dificultades (dúas pontes, un muíño e a boca da ra). A ra e os demais obxectos son metálicos e están cravados na mesa. Lánzanse uns discos redondos de ferro chamados 'pellos' <input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
É un xogo de lanzamento de precisión, onde hai que introducir os pellos na boca da ra ou nos demais buratos que terán diferente valor en función da dificultade. Gaña quen máis puntos consiga ou o que primeiro chegue a unha puntuación determinada.		
Debuxo		
		


Id	122	Nome do Xogo
		Rato que te pilla o gato
		Número de participantes
		Ilimitado
Espacio de xogo		
Ten que ser un sitio amplo e chairo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Non precisa de material. <input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Os nenos pónense formando un corro. E elixen dúas persoas. Unha é o 'rato' e a outra o 'gato'. O gato debe saír do corro e contar ata 50. E nese tempo o rato aproveita para meterse dentro do corro. Cando o gato berre "XA", o rato debe saír por un oco entre as persoas que forman o corro e botar a correr. Entón o gato preguntará: "por que porta saíu o rato?" e os do corro sinalarán o lugar mentres todos cantan: "rato que te pilla o gato" e cando o gato saia do corro o rato entrará de novo para evitar ser collido e cando o gato vaia entrar de novo, fuxirá o rato por outra porta. Cando sexa pillado o rato elixiranse de novo gato e rato.		
Debuxo		
		


<i>Id</i>	123	<i>Nome do Xogo</i>
		O Rescatado
		<i>Número de participantes</i>
		Ilimitado
<i>Espacio de xogo</i>		
Un espazo amplo pero delimitado.		
<i>Material</i>	<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Ningún.	<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>		
<p>O xogador que a 'leva' terá que perseguir aos demais do grupo. Cando colla a alguén levarao á súa 'casa' (unha farola ou unha árbore). Despois seguirá perseguindo e pillando aos demais, coidando de que ninguén se achegue á casa a salvar aos collidos. Cando hai varios capturados daranse a man formando unha cadea para que sexa máis doado salvarlos. O xogo remata cando fican todos pillados.</p>		
<i>Debuxo</i>		
		


<i>Id</i>	124	<i>Nome do Xogo</i>
		A roda de Chuchurumber
		<i>Número de participantes</i>
		Ilimitado
<i>Espacio de xogo</i>		
Ten que ser un lugar amplo e chairo.		
<i>Material</i>	<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Sen material.	<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>		
<p>Todos os xogadores se colocan en corro collidos das mans. O xogo consiste en xirar cantando a seguinte canción:</p> <p>A roda de Chuchurumber quen se ría vai ao cuartel. Unha vella se riu e ao quartel a levou.</p> <p>Se di: "Que se poña..." seguido do nome dun xogador e a cointinuación "de cu". Entón ese xogador xira o corpo e ponse na roda de costas aos seus compañeiros. O xogo continúa e de cada vez irase xirando o</p>		
<i>Debuxo</i>		
		


<i>Id</i>	125	<i>Nome do Xogo</i>
		Burro da fiestra; Pico,zorro ou zahína
		<i>Número de participantes</i>
		A partir de 5
<i>Espacio de xogo</i>		
No exterior: praza da aldea, unha rúa sen tráfico rodado,...		
<i>Material</i>	<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Sen material.	<input type="checkbox"/>	
* Outros nomes deste xogo: CHORRO MORRO (en Boñar, León); CHURRO MEDIA MANGA MANGA ENTERA (en Ciutadella)		
<i>Descrición do Xogo</i>		
<p>Fanse dous equipos. A 'nai' que fará de xuíz no xogo, colócase sentada e sobre as súas pernas apoiará a súa cara un dos xogadores quedando coas costas rectas e paralelas ao chan. A continuación os demais compañeiros irán metendo a cabeza entre as pernas do compañeiro que o precede ata que todos fiquen formando unha cadea. Os membros do outro equipo deberán ir saltando sobre as súas costas. Cando todo o equipo estea montado enriba e se o contrario non se vence polo peso, entón un dos de enriba pregunta: "¿Churro, media manga ou manga enteira?" (churro simbolízase suxeitando unha man coa outra. Con media manga a man agarra o cóbado e con manga enteira sinálase o ombro. se os de embaixo acertan será ese o equipo que salte a seguinte vez. Variante: este xogo pódese facer saltando individualmente un xogador sobre outro que está dobrado de costas. Falille a pregunta e se acerta entón cambian de roles. Se falla terá que soportar o salto doutro xogador e así ata que acerte. Entón</p>		
<i>Debuxo</i>		
		


<i>Id</i>	126	<i>Nome do Xogo</i>
		Sangue ou A Guerra
		<i>Número de participantes</i>
		Ilimitado
<i>Espacio de xogo</i>		
Calquera sitio chairo.		
<i>Material</i>	<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Unha pelota.	<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>		
<p>Os xogadores fan un círculo arredor do participante que ten a pelota na man. Cada un escolle o nome do país ao que vai representar. Entón o que está no medio do círculo di a seguinte frase: "Declaro a guerra ao meu peor inimigo que é ..." seguido do nome dun país. E a continuación tira a pelota ao aire e todos escapan menos o neno que elixiu ese país, o cal deberá coller a pelota o antes posible e berrar: "Sangue!" e todos deberán parar. O da pelota dá 3 pasos longos para achegarse a un xogador e intentar darlle coa pelota. Este poderá esquivala sen mover os pés ou incluso collela coas mans sen que caia ao chan. Se non o consegue estará 'ferido' e se perde unha segunda vez: 'morto'. E quedará eliminado do xogo. Remata o xogo cando queda un só país.</p>		
<i>Debuxo</i>		
		


Id	127	Nome do Xogo
		Os tesouros
		Número de participantes
		En grupos.
Espacio de xogo		
En calquera sitio onde haxa bos escondedoiros.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Calquera obxecto de pequeno tamaño.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Un dos que xoga é o encargado de agochar os obxectos sen que os demais o vexan. Despois comeza a busca. Todos á caza dos obxectos mentres o que os agochou vai indicando, en función da proximidade dos buscadores: frío, frío / quente, quente / queima. Gaña o que máis obxectos atope.</p>		
Debuxo		
		


Id	128	Nome do Xogo
		Os tres reinos
		Número de participantes
		8 aproximadamente.
Espacio de xogo		
Amplio.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota.	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Elíxese primeiro o condutor do xogo. Os demais forman un círculo co condutor no medio, que decide un dos tres reinos (terra, aire e auga) onde se vai xogar. A continuación lánzalle a pelota a un dos participantes do xogo que terá que dicir un animal que viva nese reino. Cada acerto vale un punto. Gaña o que chegue antes a 10 puntos.</p>		
Debuxo		
		


Id	129	Nome do Xogo
		Serro Bico (Variante do Vexo Vexo)
		Número de participantes
		2 ou mais
Espacio de xogo		
Pódese xogar en calquera espacio, ata incluso dentro da casa.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Ningún	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Primeiro rifase a ver quen empeza. Logo esa persoa pensa en unha cousa e os demais xogadores van tratando de acertala a través de preguntas e o que acerte ten que ir a buscala. Logo intercámbianse os roles.		
Debuxo		
		


Id	130	Nome do Xogo
		Contar ata cinco
		Número de participantes
		máis de 5
Espacio de xogo		
Espazo amplo. Unha leira grande ou unha praza por exemplo.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Unha pelota	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Os xogadores vanse poñendo en círculo, logo collen unha pelota e vanse pasando ao tempo que contan ata cinco, cando chegan ata cinco todos bótan a correr menos o xogador que a teña na man. Este sen desprazarse ten que lanzar a intentar darlle a un dos compañeiros, logo vai pola pelota e volve a tirar e así sucesivamente vaines eliminando cada vez que lle da a algún e ata eliminalos a todos.		
Debuxo		
		


<i>Id</i>	131	<i>Nome do Xogo</i>	
		Caba ciena en el vino (variante de A pita cega)	
		<i>Número de participantes</i>	
		mais de tres	
<i>Espacio de xogo</i>			
Xógabase nop tempo da recollida das uvas no lagar			
<i>Material</i>		<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Un pano para tapar os ollos		<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>			
<p>Consiste nunha forma lúdica de pisar as uvas. Durante a trepa no lagar, a un xogador tapábanlle os ollos co pano e tiña que tocar a alguén e logo adiviñar de quen se trataba, normalmente eran os demais xogadores os que se achegaban ao que pandaba e volvían a escapar sen ser collidos.</p>			
<i>Debuxo</i>			
			


<i>Id</i>	132	<i>Nome do Xogo</i>	
		A Moeda	
		<i>Número de participantes</i>	
		catro	
<i>Espacio de xogo</i>			
Adoitaba a xogarse nunha mesa, nos bares.			
<i>Material</i>		<i>Xógase con material autoconstruído ou reciclado?</i>	
Moedas		<input type="checkbox"/>	
<i>Descrición do Xogo</i>			
<p>Xógase con tres moedas, cada un ten que adiviñar cantas moedas teñen os demais xogadores. Trátase dun xogo de apostas</p>			
<i>Debuxo</i>			
			


Id	133	Nome do Xogo
		A Moeda o Chapa
		Número de participantes
		mais de 2
Espacio de xogo		
Debuxase un cadrado na parede, e no chan, compartindo un dos seus lados, debúxase outro cadrado semellante ao anterior.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Moedas ou chapas	<input type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Dende unha liña marcada no chan a uns 3 metros da parede lánzase a moeda/chapa contra o cadro da parede e se ao caer rebota fora do cadro do chan recupérase pero se queda dentro deixase alí. Cando a moeda que se lanza cae enriba de outra das que están no cadro recupérase a súa e gáñase a que estaba debaixo e cando a moeda cae de canto pegada a parede gáñanse todas as que haxa no cadro.</p>		
Debuxo		
		


Id	134	Nome do Xogo
		Zancos
		Número de participantes
		Non importa. Un ou varios
Espacio de xogo		
Espazo libre de obstáculos		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Zancos de madeira	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Pódese xogar simplemente a manter o equilibrio ou a facer carreiras, neste caso o xogo consiste en chegar a unha meta marcada previamente mantendo o equilibrio e camiñando cun pé en cada zanco.</p>		
Debuxo		
		


Id	135	Nome do Xogo
		O Pano
		Número de participantes
		mínimo cinco, numero impar.
Espacio de xogo		
Terreo liso fora da casa.		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pano	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>A metade dos participantes a cada lado do terreo de xogo. Un xogador no medio suxeita o pano. Os participantes dos lados están numerados do un ao tres (no caso de que sexan tres). O xogador do medio berra en voz alta un número e os xogadores de cada lado que teñan ese número saen a buscalo pano. Gaña o xogador que consiga collelo e escapar correndo ao lugar de partida sen ser collido, se é pillado o punto será para o equipo contrario.</p>		
Debuxo		
		


Id	136	Nome do Xogo
		O Pano 2
		Número de participantes
		mais de cinco
Espacio de xogo		
Delimitase unha zona de xogo mediante tres raias seoradas entre si uns cinco metros que dividen o terreo en dúas zonas		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
Un pano ou unha tela de dúas cuartas de lonxitude	<input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
<p>Fanse dous bandos iguais que se colocan detrás da raia de cada zona e un neno (Xuíz) sobre a liña do medio sostendo o pano a un lado e chama aos xogadores dicindo que veña o número ... Cada bando ten un capitán que asigna un número aos seus compañeiros incluíndose el e cando o xuíz diga o número, os xogadores que o teñan van a raia central, o primeiro agarra o pano e fuxe con el ata a súa raia e se non o pillan o outro queda eliminado, se o pillan queda eliiminado el (o resto dos xogadores van repartindo os números dos xogadores eliminados) e así ata que non queden xogadores nun bando.</p>		
Debuxo		
		


Id	137	Nome do Xogo
		A Billarda
		Número de participantes
		moitos
Espacio de xogo		
Nun campo aberto		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Unha estaca e outra moito mais pequena e afiada polas dúas puntas. <input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
Pégabase coa estaca longa nunha das puntas da pequena para que saltase e unha vez no aire pégábaselle e lanzábase o mais lonxe posible. O xogador contrario tiña que recoller a billarda e darlle a estaca mais grande.		
Debuxo		
		


Id	138	Nome do Xogo
		A Billarda 2
		Número de participantes
		2
Espacio de xogo		
Nun Camiño		
Material	Xógase con material autoconstruído ou reciclado?	
	Dous paos de madeira <input checked="" type="checkbox"/>	
Descrición do Xogo		
